

A VICERREITORÍA DE IGUALDADE E DIVERSIDADE ABRE O PRIMEIRO PRAZO DE SOLICITUDE DE ADAPTACIÓNS PARA ALUMNADO CON NECESIDADES DE APOIO ESPECÍFICAS

1. SOLICITANTES

Poderá solicitar as adaptacións todo o alumnado matriculado, ou que se vaia matricular no curso 24/25, e que teña calquera tipo de necesidade de apoio específico, recoñecido algún grao de discapacidade ou calquera situación en que se precise apoio e acompañamento, para o cal achegará informes médicos, psicolóxicos e/ou psicopedagóxicos, dependendo do caso, co fin de podermos valorar o tipo de adaptacións.

2. VALORACIÓN

As solicitudes de adaptacións para alumnado con necesidades de apoio específico serán valoradas polo equipo técnico da Unidade de Atención á Diversidade con base na seguinte documentación:

-Solicitud de servizos asinada.

-Fotocopia do DNI.

-Fotocopia do documento oficial que se recolle o tipo e grao de discapacidade da persoa solicitante (no caso de estudantes con dislexia, TDAH ou dificultades de aprendizaxe que non teñan asociado un recoñecemento do grao de discapacidade, deben achegar todos os informes médicos, psicolóxicos e/ou psicopedagóxicos que posúan para poder valorar as adaptacións).

-Fotocopia da matrícula para o ano 2024/2025 (no caso de non tela no momento da solicitude, poderá achegarse con posterioridade).

-Fotocopia dos horarios das materias en que se vai matricular no ano 2024/2025 (no caso de non telos no momento da solicitude, poderá achegarse con posterioridade).



-Fotocopia da Declaración da Renda do último ano (só no caso de que se precisen servizos de transporte adaptado, asistencia persoal ou ILSE).

As persoas que xa teñan aberto un expediente na ADI do ano anterior e non teñan ningunha actualización nos seus informes ou documentación, só entregarán a solicitude de adaptacións, xunto coa súa matrícula e horarios cando os teñan.

3. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Para a presentación de solicitudes é preciso reservar unha cita, en liña ou presencial, na Unidade de Atención á Diversidade a través do seguinte formulario:

<https://outlook.office365.com/book/UnidadedeAtencionDiversidade@udcgal.onmicrosoft.com/>

Alternativamente, outra opción é enviar por correo postal toda a documentación requirida (Edificio Xoana Capdevielle, rúa Carballeiras 1, 15008 A Coruña) ou por correo electrónico ao enderezo adi@udc.gal (neste segundo caso asinada electronicamente).

4. PRAZO DE PRESENTACIÓN

O primeiro prazo de solicitude de adaptacións para alumnado con necesidades de apoio específico vai desde o 7 de xuño ao 5 de xullo de 2024.

5. PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos, RXPD), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD),



infórmase de que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cuxos datos de contacto son: rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña, teléfono 981 167000.

O tratamento destes datos persoais está lexitimado con base no artigo 6.1.a) RXPDP: consentimento da persoa interesada; tamén para as categorías especiais de datos, no artigo 6.1.e) RXPDP: cumprimento dunha misión en interese público, neste caso con base na Lei 4/2023, de 28 de febreiro, para a igualdade real e efectiva das persoas trans e para a garantía dos dereitos das persoas LGTBI. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa citada finalidade cumprirán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 LOPD. Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade, sen prexuízo da súa conservación en relación coa posible esixencia de responsabilidades legais.

A persoa interesada ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Estes dereitos poderaos exercer da seguinte maneira:

- a) Prioritariamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais, que figura na Sede Electrónica da UDC, no apartado “Outros trámites”;
- b) Mediante unha solicitude por escrito á persoa responsable do tratamento dos datos (UDC, Secretaría Xeral), dirixida ben ao enderezo Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña; ben ao correo electrónico. Tamén se poderá presentar esta solicitude a través do rexistro telemático da Sede Electrónica da UDC ou nos rexistros presenciais da UDC.



c) Mediante unha solicitude por escrito dirixida á persoa delegada de Protección de Datos, ben ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ben ao correo dpd@udc.gal Tamén se poderá presentar esta solicitude a través do rexistro telemático da citada sede electrónica ou os rexistros presenciais da UDC. Así mesmo, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).



SOLICITUDE DE SERVIZOS E ADAPTACIÓNS PARA O ESTUDANTADO CON NECESIDADES DE APOIO ESPECÍFICAS

DATOS PERSOAIS

Nome sentido: <small>(NOME CO QUE TE IDENTIFICAS, INDEPENDENTE DO NOME REXISTRAL)</small>	Apelidos:
¿Pronomes cos que queres que nos refiramos a ti?: <small>(Mascullinos, femininos e/ ou neutros)</small>	
Xénero:	<input type="checkbox"/> Feminino <input type="checkbox"/> Masculino <input type="checkbox"/> Non Binario <input type="checkbox"/> Prefiro non responder
Teléfono:	Email:
Enderezo:	
Matrícula: <small>(Curso, titulación e facultade)</small>	

2. DIAGNÓSTICO

Tipo: Físico Visual Auditivo Psíquico Outros

Grao discapacidade: % Diagnóstico:
(Se é o caso)

Descrición das principais dificultades (percepción, mobilidade, comunicación...)

3. DIFICULTADE NO PROCESO DE ENSINO E APRENDIZAXE

Dificultades no estudo e nos exames:

¿Usa axudas técnicas e/ou apoio persoal?:

Si

Non

De ser así, indica cales e para qué fin:

4. Servizos que solicita:

- Transporte adaptado Asistencia Persoal Adaptacións de acceso ao curriculum |
 Outros

De ser así, indica cales:

5. Documentación que achega:

- Fotocopia DNI Fotocopia Declaración da Renda Fotocopia matrícula |
 Fotocopia Certificado do grao de discapacidade ou Informes Fotocopia Horarios do curso

Con esta solicitude acepto os termos e condicións das axudas establecidas pola universidade e comprométo-me a facer un uso responsable das mesmas.

A Coruña, a ____ de _____ de _____

(Sinatura)

_____ con DNI

manifesta coñecer e aceptar as seguintes normas que rexen para a solicitude dos servizos e axudas da Unidade de Atención á Diversidade da Universidade da Coruña (UDC) e facer un uso responsable das mesmas:

1. O alumnado da UDC que desexe solicitar algún servizo ou adaptación debe facelo en prazo e forma correctos, dentro das datas establecidas e no horario indicado.
2. A solicitude de adaptacións e servizos da ADI, implica o consentimento para facer os trámites necesarios para garantir que estas adaptacións se cumpran do mellor xeito posible, isto inclúe transmitir a información precisa dos casos ao profesorado que precisa aplicar as adaptacións.
3. Para beneficiarse do servizo de transporte e asistencia será preciso non estar en posesión ou non reunir os requisitos legais para a obtención dun título do mesmo ou superior nivel ao correspondente ao dos estudos para os que se solicita o servizo.
4. Os criterios de concesión dos servizos de transporte e asistencia serán os resultantes de avaliar o tipo e alcance da discapacidade acreditada, o grao de interferencia desta no axeitado desempeño das actividades académicas, a situación económica da persoa solicitante e o seu expediente académico.
5. O alumnado que emprega os servizos deben facer un uso responsable dos recursos que se poñen á súa disposición, comprometéndose a avisar nos casos nos que non se vaian a empregar (transporte, asistencia e intérprete de lingua de signos) e a devolver os aparellos en empréstito ao final do curso académico nas mesmas condicións que foi recollido ao inicio.
6. O alumnado que emprega os servizos debe informar de calquera contratempo ou dificultade que teña no uso dos servizos de transporte, asistencia e intérprete de lingua de signos, de xeito que a unidade poida garantir que se manteña a calidade dos servizos na medida do posible.
7. Os servizos de transporte, asistencia e lingua de signos prestaranse de xeito regular entre setembro e maio e, de xeito excepcional, nos meses de xaneiro, xuño e xullo para a realización de exames. Estes servizos están só recollidos para a asistencia ás clases presenciais daquelas materias nas que a persoa esté matriculada.

A persoa solicitante abaixo asinante manifesta que leu as condicións das axudas e servizos arriba indicadas e que acepta as mesmas.

A Coruña, a ____ de _____ de _____

(Sinatura)

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos, RXPd), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD),

infórmase de que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cuxos datos de contacto son: rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña, teléfono 981 167000.

O tratamento destes datos persoais está lexitimado con base no artigo 6.1.a) RXPd: consentimento da persoa interesada; tamén para as categorías especiais de datos, no artigo 6.1.e) RXPd: cumprimento dunha misión en interese público, neste caso con base na Lei 4/2023, de 28 de febreiro, para a igualdade real e efectiva das persoas trans e para a garantía dos dereitos das persoas LGTBI. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa citada finalidade cumprirán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 LOPD. Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade, sen prexuízo da súa conservación en relación coa posible esixencia de responsabilidades legais.

A persoa interesada ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Estes dereitos poderaos exercer da seguinte maneira:

a) Prioritariamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais, que figura na Sede Electrónica da UDC, no apartado “Outros trámites”;

b) Mediante unha solicitude por escrito á persoa responsable do tratamento dos datos (UDC, Secretaría Xeral), dirixida ben ao enderezo Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña; ben ao correo electrónico. Tamén se poderá presentar esta solicitude a través do rexistro telemático da Sede Electrónica da UDC ou nos rexistros presenciais da UDC.

c) Mediante unha solicitude por escrito dirixida á persoa delegada de Protección de Datos, ben ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ben ao correo dpd@udc.gal Tamén se poderá presentar esta solicitude a través do rexistro telemático da citada sede electrónica ou os rexistros presenciais da UDC. Así mesmo, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

A persoa abaixo asinante manifesta que leu a información arriba indicadas e que acepta a mesma.

A Coruña, a ____ de _____ de _____

(Sinatura)

(Nome, Apelidos e DNI)